

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2018, do Tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, pola que se da publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 19 de decembro, o Tribunal nomeado pola Orde do 3 de outubro de 2018 (DOG núm 195, do 11 de outubro), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para o ingreso nos corpos de policía local categoría de policía, quenda de acceso libre, convocados pola Orde do 4 de xullo de 2018, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Que á vista das alegacións presentadas polo opositor D. Daniel Rodríguez Taibo, e despois de verificar de xeito manual a súa folla de respostas, comprobouse que houbo un erro na súa cualificación, correspondéndolle en realidade a nota de 8.27. Polo que este Tribunal procede á súa corrección a efectos de baremación na listaxe de aprobados no primeiro exercicio.

Segundo.- Que as probas físicas recollidas no anexo III punto 3: comprobación da estatura e probas físicas (a excepción da proba de natación), se levarán a cabo o domingo día 23 de decembro nas pistas de atletismo da Universidade de Santiago, logo de que remate o chamamento dos/as opositores/as, que dará comezo as 09:30 horas, e unha vez entren nas instalacións pecharase o acceso, non permitíndose que ninguén máis acceda.

Así mesmo, recórdase que, tal como se establece na base 6.1. da convocatoria, a orde de actuación das persoas aspirantes iniciarase alfabeticamente pola primeira da letra “G”, dacordo ao establecido na Resolución do 17 de xaneiro de 2018, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 19, do 26 de xaneiro).

Terceiro.- Antes de comezar as probas, as persoas aspirantes entregarán ó tribunal un informe sobre o estado de saúde no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente convocatoria da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflecta no certificado médico.

Este informe sobre o estado de saúde deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física; neste caso, a data de expedición válida será do 30 de novembro de 2018 ou posterior.

A non presentación deste documento suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

Cuarto.- Que os/as opositores/as comparecerán provistos/as do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento legal que o substitúa. Así como tamén, tal como recollen as bases, que para a realización desta proba, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas de indumentaria deportiva, que traerán xa posta no momento do chamamento.

Quinto.- Que por razóns de seguridade, non se permitirá o acceso ás instalacións aos acompañantes das persoas que se van examinar.

A comprobación da estatura, o exercicio de barra (flexións ou suspensión) e a proba de salto, realizaranse nunha pista interior cuberta.

As carreiras de 50 e 1.000 metros serán públicas, ao levarse a cabo en pista ao aire libre; sendo posible a utilización de calzado con cravos. Non se permitirá a súa gravación por medio audiovisual algún, ao poder afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e á propia imaxe dos/as opositores/as.

Sexto.- Para a proba de natación, que se realizará na Piscina da USC, o chamamento comezará ás 16:30 horas. Unha vez rematado o chamamento, non se permitirá o acceso a ningún aspirante.

A proba será pública; quen queira presenciala poderá facelo exclusivamente desde ás gradás da Piscina Universitaria. Non se permitirá a súa gravación por medio audiovisual algún, ao poder afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e á propia imaxe dos/as opositores/as.

Para esta proba as persoas aspirantes utilizarán traxes de baño (que achegarán elas mesmas) e do modelo que desexen. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou o incremento da velocidade de calquera tipo.

A Estrada, 19 de decembro de 2018.

Luis Miguez Macho

Presidente do tribunal